

ANEXO 1

PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS

1.- OBXECTO

Constitúe o obxecto do presente contrato a formalización de:

- Unha póliza de seguro para a cobertura da Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Caldas de Reis.

2.- ÁMBITOS DOS SERVICIOS DE SEGURO A CONTRATAR

SEGURO PARA A COBERTURA DA RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS

CONDICIÓNS PARTICULARES.

Tomador do seguro

Concello de Caldas de Reis.

Alcance y extensión del seguro

A definición do Obxecto do Seguro, Asegurado e Riscos Cubertos deberá axustarse á indicada nas condicións especiais que forman parte deste Prego, e que servirán de base para a realización das ofertas.

As coberturas, riscos cubertos e demais garantías ou condicións deberán incluír como mínimo as indicadas como coberturas básicas neste Prego, pero sen que deban limitarse a elas, podendo os licitantes ofertar adicionalmente as coberturas complementarias opcionais que así mesmo se citan e calquera outras coberturas, garantías ou condicións mais vantaxosas ou favorables para os intereses do Concello de Caldas de Reis.

Sumas aseguradas

Os Límites de Indemnización que como mínimo deberán garantirse son:

Límite por sinistro: 600.000,00 euros.

Sublímite por vítima: 150.000,00 Euros

Franquías

A franquía máxima aplicable por sinistro será de: 600,00 Euros.

CONDICIÓNS ESPECIAIS.

Quedaran nulas e sen valor nin efecto algún, cantas estipulacións, condicións e cláusulas das Condicións Xerais se opoñan, desvirtúen, amplíen ou contradigan a estas Condicións Especiais.

Se o contido da póliza difire da proposición de seguro ou das cláusulas acordadas o Tomador do seguro poderá reclamar á entidade Aseguradora no prazo dun mes a contar dende a entrega da póliza para que se resolva a diverxencia existente. Transcorrido dito prazo sen efectuar a reclamación, se estará ó disposto na póliza.

1.Definicións

Tomador do seguro: Terá a consideración de tomador do seguro a Administración que, xuntamente co asegurado, subscribe o presente contrato e á que corresponden as obrigas que do mesmo se deriven, salvo as que, pola súa natureza, deban ser cumpridas polo Asegurado.

Asegurado: Persoa titular do interese exposto ó risco a quen corresponden, no seu caso, os dereitos derivados do contrato. O asegurado poderá asumir as obrigas e deberes do tomador do seguro.

Terán a consideración de asegurados neste contrato:

- O tomador do seguro e as entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes do mesmo.
- Os seus representantes, directivos, tódalas autoridades e membros da Administración, funcionarios, empregados e, en xeral, cantas persoas dependan, de feito ou de dereito, do tomador do seguro ou do asegurado, mentres actúen no exercicio das súas funcións e no ámbito de dita dependencia. A condición de asegurado aplicarase a todo o persoal que preste os seus servizos para os organismos citados, calquera que fora a súa relación de dependencia laboral ou administrativa (funcionario con praza en propiedade, interino, contratado ou similar), sempre que sexan remunerados polos citados organismos. Se inclúe así mesmo ó persoal en formación e/ou en prácticas, os traballadores incorporados en planes de ocupación, os voluntarios de protección civil dependentes da Administración.
- Os profesores, monitores, voluntarios e demais persoal que axude, colabore ou dirixa as actividades culturais, recreativas ou asistenciais patrocinadas e promovidas pola Administración.

Terceiros: Terán a consideración de Terceiros ós efectos deste contrato:

- * Os Asegurados na súa calidade de usuarios da asistencia e dos servizos da administración contratante.
- * Calquera persoa física ou xurídica distinta do contratante do seguro e dos Asegurados, sempre que acredite haber sufrido prexuízos ou danos avaliábeis economicamente, como consecuencia das actividades dos asegurados

Danos: Solo serán indemnizables por esta póliza os danos:

- * Corporais: As lesións, enfermidades ou o falecemento sufrido por persoas físicas
- * Materiais: O dano, deterioro ou destrución dunha cosa, así como o dano ocasionado a animais.
- * Prexuízos: A perda económica consecuencia directa dos danos corporais ou materiais cubertos pola póliza, sufridos polo reclamante de dita perda

Sinistro: Todo feito do que poda resultar legalmente responsable o Asegurado, sempre que sexa obxecto deste contrato de seguro e poña en xogo as garantías da póliza de conformidade ós termos e condicións pactados.

Terá a consideración de sinistro a produción por acción ou omisión dun resultado danoso, exista ou non culpa no Asegurado, que cause un prexuízo efectivo, avaliábel individual e economicamente respecto a unha persoa ou grupo de persoas, existindo un nexo causal entre a acción ou omisión e o dano, e desemboque na presentación dunha reclamación contra o Asegurado.

Unidade de sinistro: Considerarase como un so e único sinistro a sucesión de feitos ou circunstancias que se deriven dun mesmo orixe ou igual causa, con independencia do número de prexudicados e reclamacións formuladas. Considerará como data do sinistro a do momento de consumación do evento danoso.

Limite de indemnización por sinistro: Cantidade máxima que, en calquera caso, verase obrigado a indemnizar o Asegurador por cada sinistro amparado pola póliza, sexa cal fose o número de coberturas afectadas e o número de vítimas ou prexudicados.

Sublímites: Cantidades indicadas nas Condicións Particulares que representan os límites máximos asumidos polo Asegurador para cada unha das garantías especificadas en ditas condicións, a tal efecto se entenderá como sublímite por vítima a cantidade máxima indemnizable pola póliza por cada persoa física afectada por lesións, enfermidade e incluso a morte, sen prexuízo do límite máximo por sinistro definido nas Condicións Particulares como suma asegurada.

Limite por anualidade: A cantidade máxima a cargo do Asegurador por cada período de seguro, con independencia de que sexa consumida en un ou varios sinistros, entendendo por período de seguro o comprendido entre a data do efecto e de vencemento, expresadas nas Condicións Particulares ou no período anual establecido no último recibo de primas.

Franquía: A cantidade ou procedemento para a súa dedución establecido nas Condicións Particulares desta póliza, que non será de conta do Asegurador por ser asumida directamente polo Asegurado ou por outro seguro distinto.

Polo tanto, o Asegurador so indemnizará os sinistros ata o límite da suma asegurada en exceso das cantidades resultantes como franquías.

Reclamación: O requirimento xudicial ou extraxudicial formulado con arranxo a dereito contra o Asegurado como presunto responsable dun feito danoso amparado pola póliza, ou contra o Asegurador, no exercicio da acción directa, por tal motivo. Así como a comunicación do Asegurado ó Asegurador de calquera feito ou circunstancia da que puideran derivarse responsabilidades.

Responsabilidade: A responsabilidade é a obriga de reparar o dano causado a un terceiro, indemnizando ou realizando outras prestacións convidadas no seu favor. Dentro de concepto de responsabilidade, enténdese por

- Responsabilidade civil: La derivada do incumprimento dunha obriga contractual, dos cuasicontratos, dos actos ou omisións ilícitos e dos actos ou omisións en que interveña calquera xénero de culpa ou negligencia.

- Responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas: A atribuída polo ordenamento xurídico á Administración por aqueles danos producidos ó particular como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, con exclusión dos supostos de forza maior.

Acto administrativo: Toda acción ou omisión imputable ó asegurado no desenvolvemento da xestión administrativa en xeral, incluídas as accións ou omisións puramente materiais ou de feito.

Gastos de defensa: Os honorarios, custos e gastos razoables en que incorra o Asegurado para a súa defensa con ocasión dun sinistro cuberto por este contrato.

2. Obxecto do seguro

O Asegurador garante o Asegurado, mediante o abono da prima estipulada, o pago das indemnizacións das que poda resultar legalmente responsable o Asegurado polo funcionamento normal ou anormal dos Servizos Públicos, por danos corporais ou materiais e prexuízos ocasionados a terceiros, así como os custes e gastos xudiciais e extraxudiciais, sempre que o Asegurador asuma a dirección xurídica fronte á reclamación e a prestación de fianzas para garantir as resultas civís de ditos procedementos, así como as fianzas que, en causa criminal, lles fora pedida en garantía das responsabilidades pecuniarias, de acordo coas definicións, termos e condicións consignados na póliza.

3. Alcance do seguro - riscos cubertos

Queda amparada pola póliza calquera responsabilidade que, estando incluída dentro del Obxecto do Seguro, non se encontre especificamente excluída nestas Condicións Especiais.

A extensión das coberturas ven definida polas coberturas básicas e adicionalmente, polas coberturas complementarias opcionais que expresamente se inclúan.

Coberturas básicas

Responsabilidade civil/patrimonial. Baixo este apartado entenderanse cubertos os seguintes riscos:

a) Acciones ou omisións do Alcalde, Concelleiros, Técnicos, Axentes, Funcionarios, empregados fixos ou contratados e, en xeral, tódalas persoas polas que debe legalmente responder, sempre e cando ditas accións ou omisións teñan lugar no exercicio da función administrativa ou laboral das persoas citadas e estas non se encontren sancionadas ou inhabilitadas para a práctica da mesma.

b) Na súa calidade de propietario, arrendatario ou usufrutuário de predios, solares, edificios, locais, mercados, ermidas, igrexas, cemiterios, vallas, rótulos, carteis, semáforos, xardíns, prazas, paseos, fontes e parques públicos, cámpings, instalacións sociais, deportivas, sanitarias, docentes e similares, a

excepción dos danos sufridos polos mesmos. Así mesmo quedará amparada a Responsabilidade Civil como inquilino fronte ós propietarios dos bens inmobles que ocupe en réxime de arrendamento.

- c) A utilización de maquinaria, aparatos e equipos necesarios para a actividade asegurada.
- d) A propiedade e mantemento de instalacións de alumeadado público, alcantarillado, así como de galerías e canalizacións para subministro de auga, gas ou electricidade.
- e) As derivadas do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos prestados.
- f) Danos que se poidan ocasionar pola tenencia, utilización, mantemento e estado de conservación de estradas, pontes, vías públicas e camiños veciñais a cargo do Concello.
- g) A propiedade ou explotación de instalacións deportivas, como campos de fútbol, pavillón polideportivo,...
- h) O subministro de alimentos, comidas, o bebidas en los bares o restaurantes instalados dentro del local o recinto obxecto del seguro.
- i) Danos derivados de incendio, explosión, fume, auga, gases, olores, vapores, afundimentos e correntes de terras.
- j) Como promotor ou construtor, de obra nova, obras de construción ou de mantemento, reparación, ampliación ou reforma das edificacións ou instalacións da súa propiedade, ata un volume de obra de 600.000,00 euros como máximo.
- k) Celebración de festas culturais e/ou deportivas de todo tipo organizadas ou nas que participe o Concello Asegurado.
- l) Queda amparada a responsabilidade civil que directa, solidaria ou subsidiariamente puidera imputarse ó Concello polos danos causados por contratistas e subcontratistas, con ocasión dos traballos que efectúen estes últimos por conta do Concello.
- m) Responsabilidade Civil subsidiaria do Tomador/Asegurado como consecuencia do uso de vehículos a motor propiedade dos seus empregados ou alugados por estes cando son ocasionalmente postos a súa disposición para comisións de servizo.
Esta cobertura soamente actúa en exceso de calquera outra póliza válida e cobrable, sexa ou non a nome do Asegurado, e sempre sobre as cifras establecidas para o Seguro Obrigatorio ou Voluntario de Vehículos a Motor.
- n) Como consecuencia de danos, ocasionados pola prestación do servizo de extinción de incendios, ás persoas ou bens alleos á actividade de socorrer e apagar o fogo.
- o) Debidos á actuación dos servizos de seguridade propios por medio de persoas armadas, animais e dispositivos mecánicos, eléctricos e electrónicos destinados a tal fin.
- p) Como consecuencia das operacións de transporte, carga, descarga, recollida e distribución de mercancías e materiais propios das actividades do Asegurado, limitándose a cobertura ós danos causados polas mercancías transportadas e actuando en exceso de calquera outra póliza válida e cobrable.
- q) Ocasionados con motivo da participación en exposicións, congresos, simposios ou similares, visitas de terceiros ós locais propios, así como pola realización de excursións e festas organizadas polo Concello, excepto polas accións u omisións dos participantes que teñan un carácter estritamente privado.

Responsabilidade civil patronal por accidentes de traballo

A presente cobertura estendese a amparar a responsabilidade civil que, lle sexa esixida ó Asegurado de

conformidade coa normativa legal vixente e con suxeición ós límites e estipulacións contidos na póliza por accidentes sufridos polos traballadores con ocasión da realización do seu traballo.

A tal efecto teñen a consideración de Traballadores:

* Os asalariados do Asegurado incluídos en nómina, así como os traballadores con relacións de traballo temporal ou de duración determinada, e outros dependentes do Asegurado ó marxe de relación laboral.

Responsabilidade civil profesional

Queda garantida a Responsabilidade Civil do Asegurado no exercicio da súa actividade profesional (persoal técnico titulado superior ou medio e excluindo sempre titulacións sanitarias) por erros ou omisións profesionais que causen danos corporais, materiais ou prexuízos consecuenciais fronte a terceiros, mentres exerzan as súas funcións para e por conta do Concello.

En especial quedarán garantidas as responsabilidades derivadas das actividades de dirección e/o supervisión de obras e/o proxectos de construción, montaxe, ampliación ou reforma, excluíndose os danos sufridos polas propias obras supervisadas, proxectadas, construídas, montadas ou reformadas.

Esta cobertura actuará en exceso e/ou diferenza de condicións respecto de outros seguros subscritos, obrigatorios ou non.

Gastos de defensa e fianzas

Co límite da suma asegurada estipulada nas Condiciones Particulares e sempre que o obxecto da reclamación este incluído nas coberturas da póliza, quedan tamén garantidas:

a) A constitución das fianzas xudiciais esixidas para garantir as resultas civís do procedemento, así como as fianzas que poidan impoñerse en procesos penais para asegurar a liberdade provisional ou calquera outra medida cautelar.

b) As costas xudiciais, que serán aboadas na mesma proporción existente entre a indemnización que deba satisfacer o Asegurador, de acordo co previsto na póliza, e o importe total da responsabilidade do Asegurado no sinistro.

c) A defensa persoal do asegurado nos procedementos xudiciais, incluso nos penais que se lle seguiran aínda despois de liquidada a responsabilidade civil/patrimonial. A compañía aseguradora asumirá as súas expensas a dirección xurídica fronte a la reclamación do prexudicado, designando letrado e procurador ó Asegurado para as actuacións xudiciais que se sigan en reclamación de responsabilidades cubertas por esta póliza. Se se tratara dunha causa criminal, requirirse o consentimento do defendido para que a compañía poida asumir a súa defensa.

De existir conflito de intereses entre o asegurado e a compañía de seguros, ou se en unha causa penal o asegurado optara por confiar a súa defensa a outra persoa, a Compañía quedará obrigada a abonar os gastos de tal dirección xurídica ata o límite fixado polo licitador na súa oferta.

O Asegurado deberá facilitar á compañía de seguros os poderes necesarios a favor das persoas que se designen e prestar a súa colaboración e apoio en aquilo que sexa posible.

Non será de aplicación esta garantía cando o asegurado sexa representado e/ou defendido por letrados que sirvan nos servizos xurídicos das Administracións públicas.

Liberación de gastos:

a) A suma asegurada pola póliza entendese liberada de calquera dedución polos gastos xudiciais mencionados si estes, engadidos a indemnización satisfeita, excederan do límite por sinistro, sempre e cando se trate de accións formuladas ante os tribunais españois.

b) No suposto de subscribirse ampliación expresa do ámbito territorial de cobertura, e a acción se exercite ante tribunais estranxeiros, non se aplicará a citada cláusula de liberación de gastos, quedando os mesmos sempre incluídos na suma asegurada por sinistro, que constituirá en todo caso o importe máximo a cargo do Asegurado.

4.Riscos excluídos

No se especifican as exclusións para que poidan ser delimitadas polas ofertas técnicas que presenten as compañías.

Rexeitaranse aquelas ofertas que limiten o obxecto deste seguro mediante exclusións non comúns no mercado asegurador.

5.Ámbito territorial

A cobertura da póliza soamente amparará reclamacións formuladas ante a xurisdición española por feitos ocorridos en España, que se traduzan en responsabilidades ou outras obrigas impostas con arranxo ás disposicións legais vixentes no territorio español.

6.Ámbito temporal

Ós efectos da cobertura da póliza, o presente seguro ampara as consecuencias dos sinistros ocorridos durante o período de vixencia, é dicir dende o efecto inicial da póliza ata a data de extinción do contrato, sempre que a comunicación do sinistro ó Asegurador se formule durante a vixencia do seguro ou no prazo máximo dun ano a partir da data de extinción del mesmo, sen prexuízo dos prazos de prescrición legalmente establecidos.

7.Renuncia á rescisión en caso de sinistro

Derrogando o que establezan as Condicións Xerais da póliza, o Asegurador renuncia a rescindir o presente contrato durante a súa vixencia, como consecuencia do acaecemento dun sinistro.

8.Confidencialidade

O Asegurador deberá manter a confidencialidade dos datos que lle subministre o Asegurado no cumprimento/execución das condicións especiais previstas e non deberá utilizar dita información mais que para as finalidades específicas e especialmente delimitadas que se deriven da cobertura dos riscos. Así mesmo, deberá controlar o acceso á información a que se fai referencia no parágrafo anterior no caso de que foran informatizados, nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, no Real Decreto 1332/1994 e demais disposicións legais aplicables.

9.Información sobre o risco

O Asegurador reconece haber recibido toda a información sobre o risco de forma tal que lle permitiu apreciar o alcance e natureza do risco que asume e, en consecuencia, renuncia o dereito a prevalerse en caso de sinistro de calquera falta, error ou omisión na declaración por parte do Asegurado sobre ditos riscos, salvo que exista unha manifesta conduta dolosa ou negligente por parte do Asegurado.

10.Primas do seguro

Nas Condicións Particulares indicárase expresamente o importe das primas devengadas polo seguro.

En Caldas de Reis, o 25 de outubro de 2011
O Alcalde,

Asdo. : Dº Juan Manuel Rey Rey.

3º.- Enviar anuncio de licitación ao perfil de contratante.

Caldas de Reis, 10 de novembro de 2011.

O Alcalde,

Asdo.: Juan Manuel Rey Rey

=====